

DOCUMENTO Cuenta general: <b>INFORME CONTA XERAL EXERCICIO 2018</b>	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: <b>YZ3RQ-YEG4T-17ZYI</b> Página 1 de 16	SELLO	FIRMAS 1.- TESORERO/A de AYTO.CORUÑA.Firmado 16/09/2019 13:47



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1217176 YZ3RQ-YEG4T-17ZYI B2A3578D32108FC082B074E130C5A70029FD7969) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



**Tesourería Xeral**

## **INFORME Á CONTA XERAL DO EXERCICIO 2018.**

### **1.- LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. (LRBRL, en diante).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. (TRLRFL, en diante).
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, que aproba a Instrucción do modelo normal de Contabilidade Local. (ICL, en diante).
- Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF, en diante).
- Orde EHA/1037/2010, pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública.
- Principios Contables Públicos acordados pola Comisión de Principios e Normas Públicas creada por Resolución da Secretaría de Estado de Facenda de 28 de decembro de 1990.
- Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital.
- Real Decreto 1514/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Privada.
- Real Decreto 1515/2007 de 16 Novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medias Empresas e criterios contables específicos para microempresas.

### **2.- TRAMITACIÓN, APROBACIÓN E RENDICIÓN DA CONTA XERAL:**

#### **a) Formación:**


As entidades locais, ó remate do exercicio orzamentario, formarán a conta xeral que poñerá de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario.

#### **b) Rendición, publicidade e aprobación:**

O procedemento de tramitación e aprobación das Contas anuais regúlase no artigo 212 do TRLRFL, e nas regras 44 e seguintes da ICL constando, basicamente, dos seguintes trámites:

- Formación polo órgano da entidade local que teña atribuída a función de contabilidade para ser dictaminada pola Comisión de Facenda e Administración, debendo estar a documentación a disposición dos membros da Comisión para exame e consulta como mínimo quince días antes da reunión
- Exposición ó público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de 15 días, durante os cales e oito máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións.
- No suposto de presentarse reclamacións, reparos ou observacións, novo dictame da Comisión de Facenda e Administración, unha vez practicadas cantas comprobacións estime oportunas.
- A Conta Xeral, xunto cos informes da Comisión de Facenda e Administración e, no seu caso, as

DOCUMENTO Cuenta general: <b>INFORME CONTA XERAL EXERCICIO 2018</b>	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: <b>YZ3RQ-YEG4T-17ZYI</b> Página 2 de 16	SELLO	FIRMAS 1.- TESORERO/A de AYTO.CORUÑA.Firmado 16/09/2019 13:47



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1217176 YZ3RQ-YEG4T-17ZYI B2A3578D32108FC082B074E130C5A70029FD7969) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



reclamacións e reparos formulados á mesma, someteranse ó Pleno para a súa aprobación.

- Aprobada a Conta Xeral será rendida polo Presidente da Entidade Local, o Consello de Contas.

### 3.- CONTIDO DA CONTA XERAL:

#### 3.1. Entes contandantes.

A Conta Xeral está integrada, en aplicación disposto na regra 44 la ICL, polas seguintes contas:

- Concello da Coruña
- Organismo Autónomo Municipal: Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE).
- Sociedades mercantís de capital integramente municipal:
  - a) Empresa Municipal de Augas da Coruña, S.A. (EMALCSA)
  - b) Empresa Municipal Vivenda, Servizos e Actividades, S.A.U. (EMVSA)
- Consorcios:
  - a) Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña.
  - b) Consorcio para a promoción da Música.
- Fundacións:
  - a) Fundación EMALCSA
  - b) Fundación Luis Seoane

O IMCE aprobou inicialmente a Conta Xeral en sesión do Consello Reitor de 30 de xullo de 2019.

As Contas anuais da Empresa Municipal de Augas da Coruña, S.A. aprobadas en Xunta Xeral Ordinaria celebrada o 12 de setembro de 2019.

As Contas anuais da Empresa Municipal Vivenda, Servizos e Actividades, S.A.U. (EMVSA) foron aprobadas en Xunta Xeral Ordinaria celebrada o 12 de setembro de 2019.

A Conta do Consorcio de Turismo e Congresos foi aprobada pola Xunta de Goberno do Consorcio celebrada o 9 de setembro de 2019 .

A Conta do Consorcio para a Promoción da Música foi aprobada pola Xunta de Goberno do Consorcio celebrada o 11 de setembro de 2019.

As contas anuais da Fundación EMALCSA foron aprobadas polo Padroado con data 29 de abril de 2019.


As contas anuais da Fundación Luis Seoane foron aprobadas polo Padroado con data 15 de maio de 2019.

#### 3.2. Documentación.

O Concello da Coruña, o Organismo Autónomo IMCE e os Consorcios presentan as súas respectivas Contas Anuais co seguinte detalle:

- a) Contas Anuais:
  - BALANCE.
  - CONTA DO RESULTADO ECONOMICO PATRIMONIAL.
  - ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO.

DOCUMENTO Cuenta general: <b>INFORME CONTA XERAL EXERCICIO 2018</b>	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: <b>YZ3RQ-YEG4T-17ZYI</b> Página 3 de 16	SELLO	FIRMAS 1.- TESORERO/A de AYT.CORUÑA.Firmado 16/09/2019 13:47



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1217176 YZ3RQ-YEG4T-17ZYI B2A3578D32108FC082B074E130C5A70029F07969) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



- ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO.
- ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.
- MEMORIA. Contido da memoria:
  1. Organización e actividade.
  2. Xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración.
  3. Bases de presentación das contas.
  4. Normas de recoñecemento e valoración.
  5. Inmobilizado material.
  6. Patrimonio público do chan.
  7. Inversións inmobiliarias.
  8. Inmobilizado intanxible
  9. Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar.
  10. Activos financeiros.
  11. Pasivos financeiros.
  12. Coberturas contables.
  13. Activos construídosou adquiridos para outras entidades e outras existencias.
  14. Moeda extranxeira.
  15. Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos.
  16. Provisións e continxencias.
  17. Información sobre o medio ambiente.
  18. Activos en estado de venda.
  19. Presentación por actividades da conta do resultado económico patrimonial.
  20. Operacións por administración de recursos por conta de outros entes públicos.
  21. Operacións non orzamentarias de tesourería.
  22. Contratación administrativa. Procedementos de adxudicación.
  23. Valores recibidos en depósito.
  24. Información orzamentaria.
  25. Indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios.
  26. Información sobre o custo das actividades.
  27. Indicadores de xestión.
  28. Feitos posteriores ao peche.

b) Documentación complementaria:

Únese como documentación complementaria a establecida na regra 45.3 da Instrución do modelo normal de contabilidade para a Administración local, isto é:

- Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.
- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou do organismo autónomo, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.

Nos casos nos que existe discrepancia entre os saldos contables e os bancarios, achégase o oportuno

DOCUMENTO Cuenta general: <b>INFORME CONTA XERAL EXERCICIO 2018</b>	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: <b>YZ3RQ-YEG4T-17ZYI</b> Página 4 de 16	SELLO	FIRMAS 1.- TESORERO/A de AYTO.CORUÑA.Firmado 16/09/2019 13:47



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1217176 YZ3RQ-YEG4T-17ZYI B2A3578D32108FC082B074E130C5A70029F07969) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



estado conciliatorio.

Acompáñanse, á súa vez, os estados integrados e consolidados da liquidación.

Tamén se acompaña a Memoria de xestión dos distintos servizos municipais.

**As sociedades mercantís EMALCSA e EMVSA presentan as súas respectivas Contas Anuais co seguinte detalle:**

As sociedades mercantís indicadas, de capital integramente municipal, concretan a súa documentación, en aplicación do artigo 209.3 do TRLFL, da Regra 46 da ICL, e dos citados Reais Decretos 1514/2007, de 16 de novembro, e 1515/2007, de 16 Novembro, nos seguintes Estados:

- Balance
- Conta de Perdas e Ganancias
- Estado de cambios no patrimonio neto.
- Estado de fluxos de efectivo (sendo potestativo para as Pequenas e Medianas Empresas).
- Memoria.

**Consta o informe de auditoría da sociedade municipal EMALCSA.**

**A Fundación EMALCSA e Fundación Luis Seoane presentan a seguinte documentación:**

- Balance.
- Conta de resultados.
- Memoria do exercicio.

Non hai máis entidades dependentes ás que se remite a Regra 48.1.c) da ICL, incluídas no ámbito da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

#### 4.- OBXETIVO E ALCANCE:

O obxectivo é realizar unha análise de forma sinxela, integrada e comprensible da información máis relevante no aspecto patrimonial, económico e financeiro resultante da Conta Xeral do Concello no exercicio 2018, e verificar que os estados contables preséntanse de acordo coas normas que lles son de aplicación.

O ámbito de aplicación da análise patrimonial, financeiro e económico é:

- Dende un enfoque subxectivo, o suxeito a analizar é a entidade local “Concello de A Coruña”.
- O ámbito obxectivo da análise está formada basicamente polo conxunto de toda a información contable, en especial a recollida nos Estados e Contas Anuais que se integran na Conta Xeral do Concello.
- Respecto ó ámbito temporal, á análise realízase unha vez rematado o exercicio 2018.

O que se entende por análise económico financeiro dos estados contables locais, é unha extensión das técnicas e instrumentos de análise tradicionalmente utilizados na actividade económica empresarial pero con unha limitación importante que é o feito de que as características e particularidades da Administración local impiden trasladar automaticamente as fórmulas, indicadores, ratios e, en xeral, os resultados obtidos no análise económico financeiro empresarial. A provisión de bens colectivos que se financian por vía impositiva, sin contraprestación directa en forma de precios, a ausencia de ánimo de lucro, a existencia dun procedemento xurídico administrativo que somete a actuación da Entidade ó

DOCUMENTO Cuenta general: <b>INFORME CONTA XERAL EXERCICIO 2018</b>	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: <b>YZ3RQ-YEG4T-17ZYI</b> Página 5 de 16	SELLO	FIRMAS 1.- TESORERO/A de AYTO.CORUÑA.Firmado 16/09/2019 13:47



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1217176 YZ3RQ-YEG4T-17ZYI B2A3578D32108FC082B074E130C5A70029F07969) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



dereito administrativo, a natureza dos bens de dominio público..., son características diferenciadoras que impiden a aplicación directa do análise empresarial ó ámbito público local.

A análise céntrase fundamentalmente nos estados seguintes:

1. Balance de situación.
2. Conta de resultados.
3. Liquidación do Orzamento.
4. Resultado orzamentario.
5. Remanente de Tesourería.
6. Estado demostrativo de débedas a cobrar e obrigas a pagar de exercicios pechados.
7. Estado de Tesourería.

As Normas de Valoración desenrollan os Principios Contables e atópanse reguladas na segunda parte do Plan Xeral de Contabilidad Pública adaptado á Administración Local e conteñen os criterios e regras de aplicación ás operacións ou feitos económicos e ós diversos elementos patrimoniais. As citadas Normas son de aplicación obrigatoria por todos os suxeitos contables.

#### “LIMITACIONES Ó ANÁLISE”.

Existen unhas **limitacións importantes á hora de facer unha análise da información contable do inmovilizado, inversións inmobiliarias e patrimonio público chan:**

- Valoración irreal dos elementos de inmovilizado, inversións inmobiliarias e patrimonio público do chan que se detallan no balance de situación e que están recollidos en contas do grupo 2 do PXCP.

Como se manifestou nas Contas Anuais dos últimos anos, este Concello carece de Inventario de bens e contable, polo que o Balance de Situación non reflicte a imaxe fiel da entidade no seu aspecto patrimonial.

*“O Balance ten o seu orixe no Balance do ano 1992 aberto coas contas de inmovilizado a valor cero, salvo pola incorporación do valor dunhas accións. Nos anos 1995 e 1997 realizáronse uns traballos de inventario e valoración de bens inmoebles e mobles, respectivamente, pero non se actualizou o Balance.*


*A partir do ano 1992 incorpóranse as altas con incidencia orzamentaria que afectan ao patrimonio do Concello. En relación as baixas por alleamento, procédese a alta e a baixa no momento da venda. A alta contabilízase polo valor histórico do elemento, no mellor dos casos, cando se ten coñecemento. Cando se descoñece o dito valor, danse de alta polo mesmo valor de venda.”*

*Non se incorporan ao patrimonio, ao contrario, as operacións que non teñen incidencia orzamentaria, das que non se ten coñecemento, como son as doazóns, cesións, permutas, etc.*

*O Balance tampouco incorpora fielmente o patrimonio municipal del chan.*

*Non se amortiza.*

*Un informe de 4 de febreiro de 2009, contratado coa empresa BONSER Iniciativas de Xestión, S.L. da conta do anteriormente sinalado.*



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1217176 YZ3RQ-YEG4T-17ZYI B2A3578D32108FC082B074E130C5A70029F07969) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Non ter información patrimonial axeitada non permite facilitar unha correcta información de costes.

#### **4.1. ANÁLISE PATRIMONIAL: Estudio da estrutura económica e financeira da Entidade Local.**

O balance de situación é o estado básico que serve de soporte ó análise patrimonial, trátase dun documento estático que non permite coñecer a evolución das masas patrimoniais senón a súa situación nun momento determinado.

O balance presenta novidades na nova ICL, distínguese entre activos e pasivos correntes e non correntes, a presentación das amortizacións acumuladas e correccións por deterioro minorando as correspondentes partidas do activo que figuran polo importe netos, a nova estrutura do patrimonio neto.

O análise levase a cabo coa utilización de ratios que relacionan diversas masas patrimoniais, e que tratan de mostrar a adecuación das estruturas de activo e pasivo e de inversión e financiación.

Débese puntualizar que o significado dos indicadores do Balance de Situación que se utilizan na empresa non se poden aceptar directamente nas entidades locais pola existencia de diversas diferencias entre o sector público e privado (diferente significado dos conceptos de capital e patrimonio, as enaxenacións de inmovilizado son ingresos finalistas non garantizando, polo tanto, a capacidade financeira e solvencia fronte a terceiros, as inversións dos entes públicos non inciden na rentabilidade senón que moitas se materializan en infraestruturas e bens destinados o uso xeral, a forma de prestación dos servicios públicos –directa ou indirecta- altera de forma importante os ratios de estrutura de inversión e financiación). Por todo o exposto, os ratios non se poden aplicar de forma estandarizada a todas as Entidades senón que se valoraran según as características de cada unha (tamaño e dispersión da poboación, forma de prestación dos servicios...), non obstante, si resulta útil calcular en exercicios sucesivos para unha mesma entidade local os ratios de estrutura patrimonial porque permitirán mostrar sintéticamente a súa evolución.

Ademáis, débese ter en conta a existencia de elementos que distorsionan a imaxe da situación patrimonial do Concello que se reflexa no balance de situación e que son os que se sinalaron no apartado deste informe “LIMITACIÓNS Ó ANÁLISE”.

#### **Equilibrio patrimonial:**


-Estructura do activo e do pasivo.

ESTRUCTURA DO ACTIVO	2017	2018
ANC/AT*100	91,47%	92,69%
AC/AT*100	8,53 %	7,31%
ANC/AC	10,73	12,69

ANC = activo non corrente  
AC = activo corrente  
AT = activo total

ESTRUCTURA DO PASIVO	2017	2018
PN/PT*100	85,35%	88,35%
PNC/PT*100	8,27%	5,85%
PC/PT*100	6,38%	5,80%

PN = patrimonio neto  
PNC = pasivo non corrente  
PC = pasivo corrente  
PT = pasivo total



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1217176 YZ3RQ-YEG4T-17ZYI B2A3578D32108FC082B074E130C5A70029FD7969) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



PNC/PC	1,29	1,01
--------	------	------

FONDO DE MANIOBRA	2017	2018
RP-ANC (rec. permanentes que financian actividad ordinaria)	17.660.910,77	12.716.936,53
AC-PC (grado de liquidez da entidade)	17.660.910,77	12.716.936,53

O fondo de manioobra, tamén denominado capital corrente, informa das posibilidades que ten unha entidade para facer fronte ás súas débedas a curto prazo e pódese definir dende dúas ópticas:

a) Dende un punto de vista financeiro: É o valor dos recursos permanentes invertidos no activo corrente. Representa unha garantía para a estabilidade, o necesario equilibrio entre activos e pasivos esixe a creación dun fondo de seguridade para facer fronte aos posibles desaxustes que poideran producirse entre a corrente de cobros e a de pagos. Para elo, e recomendable que os recursos permanentes (fondos propios máis débedas con vencemento a longo prazo) financien, ademáis da totalidade do activo non corrente, unha parte do activo corrente. Esta parte do activo corrente financiada con recursos permanentes é o que se coñece como fondo de manioobra.

b) Dende un punto de vista económico: É a parte do activo corrente que permanece sempre na entidade. Dito doutro xeito, será o que quede de activo corrente despois de pagar as débedas que vencen a curto prazo. Isto significa que si o fondo de manioobra é positivo, existe un stock de seguridade. Esta inmovilización de recursos debe estar financiada con recursos permanentes.

Existe equilibrio patrimonial, os recursos permanentes financian a totalidade do activo non corrente e parte do corrente. O Fondo de manioobra real é positivo.

#### 4.2. ANÁLISE FINANCEIRO: Estudio do equilibrio financeiro e da solvencia da entidade local.

##### Concepto e finalidade do análise financeiro.

O análise financeiro estudia o equilibrio financeiro da mesma, a capacidade para cumprir en tempo e forma as súas obrigas con terceiros. O equilibrio financeiro esixe tradicionalmente que o pasivo non corrente financie o activo non corrente e parte do activo corrente, o que se ven denominando “capital circulante ou fondo de manioobra”, non obstante no análise financeiro local utilízase o Remanente de Tesourería.

Débese ter en conta a nova formulación do equilibrio financeiro que incorporou para o Sector Público a Lei de Estabilidade Orzamentaria, según a cal as Entidades Locais deberán cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria tanto na elaboración como na execución e liquidación do orzamento. A estabilidade existe cando se da unha situación de equilibrio ou superávit, computada en termos de capacidade/necesidade de financiación, (conforme ó Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais – SEC 2010)

##### ANÁLISE DA SITUACIÓN FINANCEIRA BÁSICA OU ESTRUCTURAL.

O obxectivo é determinar o grado de equilibrio financeiro que garante un futuro a medio e longo prazo equilibrado ou, polo contrario, que o desequilibrio poida provocar tensións graves. Supón a posibilidade de poder pagar os gastos e obrigas contraídas nos respectivos vencementos.

	2017	2018
--	------	------



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1217176 YZ3RQ-YEG4T-17ZYI B2A3578D32108FC082B074E130C5A70029FD7969) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



1.- RECURSOS PERMANENTES	772.724.210,97	792.598.811,47
2.- ACTIVO NON CORRENTE	755.063.300,20	779.881.874,94
<b>3.- REC. PERM. QUE FINANCIAN ACT.CORRENTE (1-2)</b>	<b>17.660.910,77</b>	<b>12.716.936,53</b>
4.- ACTIVO CORRENTE	70.388.852,96	61.478.488,61
<b>5.- % A.C CUBERTO POR REC. PERM.(3/4)*100</b>	<b>25,09%</b>	<b>20,69%</b>

Os datos anteriores, coa matización sinalada das distorsións existentes, reflexa unha situación de equilibrio financeiro.

### ANÁLISE DA SITUACIÓN FINANCEIRA NO CURTO PRAZO.

O obxectivo é dispoñer dos medios líquidos suficientes para atender os pagos no momento oportuno.

#### ANÁLISE DO REMANENTE DE TESOURERÍA.

O Remanente de Tesourería Total (RTT) está integrado polos fondos líquidos, os dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pago, e as partidas pendentes de aplicación, todos eles referidos ó 31 de decembro do exercicio correspondente. As obrigas e dereitos que se utilizan para este cálculo poderán ter orixe en operacións orzamentarias e non orzamentarias.


O Remanente de Tesourería para gastos xerais (RTGX) obténse pola diferenza entre o RTT, os saldos de dubidoso cobro e os excesos de financiamento obtidos nos proxectos de gastos que, como tales excesos, teñen un destino específico que van financiar en posteriores exercicios.

O RTGX, esta magnitude residual é o indicador que básicamente interesa na análise xa que ten incidencia crucial na xestión económica e financeira do Concello. Cando é positiva constitúe un excedente económico que permita a financiación de modificacións de crédito no novo orzamento e, pola contra, se é negativa desencadenará decisións de saneamento do déficit obrigatorias tal e como establece o TRLRFL.

Coa aprobación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, regulouse o destino do superávit orzamentario, establecendo que deberá destinarse á redución de endebedamento neto. A citada lei foi obxecto de modificación e desenrolo coa Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, que engade unha disposición adicional sexta na que se recollen unhas regras especiais para o destino do superávit orzamentario, no exercicio 2014, das Corporacións locais que reúnan as dúas circunstancias que sinala o apartado primeiro da citada disposición. Estas regras prorrogáronse ó exercicio 2018 por Real Decreto Lei 1/2018, de 23 de marzo.

ESTADO DO REMANETE DE TESOURERÍA. COMPOÑENTES		31/12/18
<b>1. (+) Fondos Líquidos</b>		<b>33.290.825,96</b>
<b>2. (+) Dereitos pendentes de cobro</b>		<b>94.057.685,49</b>
	+ Orzamento Corrente	23.900.023,70
	+ Orzamentos Pechados	68.442.381,46
	+ Outras Operacións non Orzamentarias	1.715.280,33
<b>3. (-) Obrigas pendentes de pagamento</b>		<b>24.412.109,81</b>
	+ Orzamento Corrente	8.645.122,56





Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1217176 YZ3RQ-YEG4T-17ZYI B2A3578D32108FC082B074E130C5A70029F07969) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



	+ Orzamentos Pechados	387.061,93
	+ Outras Operacións non Orzamentarias	15.379.925,32
<b>4. (+)</b>	<b>Partidas pendentes de aplicación</b>	<b>-2.899.443,54</b>
	- Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	-3.670.184,17
	+ Pagamentos pendentes de aplicación definitiva	770.740,63
<b>I.</b>	<b>REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1 + 2 – 3 + 4)</b>	<b>100.036.958,10</b>
	II. Saldos de dubidoso cobro	68.658.519,74
	III. Exceso de financiación afectada	17.361.637,78
<b>IV.</b>	<b>REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)</b>	<b>14.016.800,58</b>

	EXERCICIO 2017	EXERCICIO 2016	EXERCICIO 2015
REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	23.321.331,12	17.133.475,08	7.262.886,33

#### INDICADORES:

- LIQUIDEZ INMEDIATA = 1,36 (Exercicio 2017 = 1,42)  
Fondos líquidos/ Obrigas pendentes de pagamento
- SOLVENCIA A C/P = 2,40 (Exercicio 2017 = 2,21)  
(Fondos líquidos + dereitos pendientes de cobramento-dubidoso cobro) / Obrigas pendentes de pagamento

Estos indicadores representan a capacidade da Corporación para facer fronte ás súas obrigas.

O pendente de pago a 31 de decembro de 2018 do orzamento corrente ascende a 8.645.122,56 € que representa un 3,51% das obrigas netas recoñecidas no exercicio e corresponde, fundamentalmente ás recoñecidas nos últimos días do exercicio, resultando materialmente imposible tramitar o pago no mesmo exercicio 2018.

#### CALIDADE DO REMANENTE DE TESOURERÍA: DEBEDORES

1.- Estimación do dubidoso cobro: Os criterios aplicados polo Concello son os recollidos na Base de Execución nº 23 do Orzamento do Exercicio 2018 e cumpren cos mínimos establecidos tras a modificación do TRLRFL efectuada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración, na que se introduce un artigo 193 bis que regula os dereitos de difícil ou imposible recadación. Os criterios recollidos na normativa local son máis restrictivos que os marcados pola citada norma.

2.- Estudio da morosidade: O 73 % do total dos dereitos pendentes de cobro a 31/12/2018 corresponden a exercicios pechados (68.442.381,46 €).

3.- Estudio da rotación de debedores:

INDICADOR	CONCEPTO. Cap I a III e V	IMPORTE	DIAS
Período medio de cobro - 2018	Dereitos pendentes cobro * 365	17.392.520,49 * 365	39,05
	Dereitos. recoñecidos netos	162.555.964,02	



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1217176 YZ3RQ-YEG4T-17ZYI B2A3578D32108FC082B074E130C5A70029FD7969) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



## CALIDADE DO REMANENTE DE TESOURERÍA: ACREEDORES

### 1.- Estudio dos acreedores do exercicio.

	ACREEDORES ORZAMENTARIOS - CAPITULOS										
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	TOTAL	%
PECHADOS	0,00	28.825,11	0,00	53.005,10	0,00	9.860.05	295.371,67	0,00	0,00	387.061,93	2
CORRENTE	73.286,09	5.219.697,88	0,00	1.299.079,78	0,00	1.250.910,38	802.148,43	0,00	0,00	8.645.122,56	35
TOTAL	73.286,09	5.248.522,99	0,00	1.352.084,88	0,00	1.260.770,43	1.097.520,10	0,00	0,00	9.032.184,49	37
NON ORZAMENTARIO										15.379.925,32	63
TOTAL										24.412.109,81	100

A maior parte dos acreedores do orzamento corrente corresponden a gastos de xestión ordinaria sendo tamén de volumen importante os gastos de inversión e de transferencias correntes. Como xa se sinalou, gran parte detes gastos foron aprobados nos derradeiros días do exercicio.


### 2.- Estudio da rotación dos acreedores: PMP

Este indicador obtense aplicando as regras establecidas para calcular o período medio de pago a efectos do suministro de información sobre o cumprimento dos prazos de pagos das entidades locais. Reflicte o número de días que por término medio tarda o Concello en pagar aos acreedores comerciais (capítulos 2 e 6 de gastos). O Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, que modificou o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, axustou a metodoloxía de cálculo do PMP, aclarando o xeito de computar os días de pago, así como os días pendentes de pago. Esta nova metodoloxía comenzo a aplicar no cálculo do PMP correspondente ao mes de abril de 2018.

	EXERCICIO 2017		EXERCICIO 2018	
	PMP Concello	PMP Global	PMP Concello	PMP Global
xaneiro	4,50	3,95	12,43	12,16
febreiro	12,08	11,98	18,81	18,82
marzo	14,92	14,34	27,64	27,77
abril	27,62	26,38	41,89	42,92
maio	28,78	28,02	54,88	54,42
xuño	31,62	30,92	58,13	57,27
xullo	35,63	35,02	54,21	52,75
agosto	42,78	39,55	57,42	54,76
setembro	43,02	41,75	34,31	33,61
outubro	27,33	25,85	35,27	35,22
novembro	19,12	19,59	32,43	32,76
decembro	15,62	15,15	19,42	19,69

### ANALISE DO DISPONIBLE NA TESOURERIA MUNICIPAL:

#### 1.- Dispoñible por operacións orzamentarias do exercicio corrente.



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1217176 YZ3RQ-YEG4T-17ZYI B2A3578D32108FC082B074E130C5A70029F07969) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



TESOURERIA	COBROS (C)	PAGOS (P)	DIFERENCIA	%C/P
OP.CORRENTES 1-5	209.099.442,02	188.638.594,04	20.460.847,98	110,85
OP.CAPITAL 6-7	7.272.217,10	25.368.115,52	-18.095.898,42	28,67
OP.FINANCEIRAS 8-9	3.639.461,66	23.453.381,79	-19.813.920,13	15,52
<b>TOTAL</b>	220.011.120,78	237.460.091,35	-17.448.970,57	92,65

XESTION INGRESOS	DEREITOS (D)	COBROS (C)	DIFERENCIA	%C/D
OP.CORRENTES 1-5	232.999.465,72	209.099.442,02	23.900.023,70	89,74
OP.CAPITAL 6-7	7.272.217,10	7.272.217,10	0,00	100
OP.FINANCEIRAS 8-9	3.639.461,66	3.639.461,66	0,00	100
<b>TOTAL</b>	243.911.144,48	220.011.120,78	23.900.023,70	90,20

XESTION GASTOS	OBRIGAS (O)	PAGOS (P)	DIFERENCIA	%P/O
OP.CORRENTES 1-5	195.230.657,79	188.638.594,07	6.592.063,75	96,62
OP.CAPITAL 6-7	27.421.174,33	25.368.115,52	2.053.058,81	92,51
OP.FINANCEIRAS 8-9	23.453.381,79	23.453.381,79	0,00	100
<b>TOTAL</b>	246.105.213,91	237.460.091,35	8.645.122,56	96,49


2.- Dispoñible por operacións orzamentarias de exercicios pechados

TESOURERIA	COBROS (C)	PAGOS (P)	DIFERENCIA	%C/P
OPEXERCICIOS PECHADOS	19.714.197,93	17.414.521,36	2.299.676,57	113,21

O estado contable básico para complementar este análise e o estado de fluxos de efectivo

ANALISE DO RESULTADO ORZAMENTARIO

A principal actividade do Concello, a que se relaciona co cumprimento dos seus fins, refléxase a través da



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1217176 YZ3RQ-YEG4T-17ZYI B2A3578D32108FC082B074E130C5A70029F07969) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



xestión orzamentaria. O Resultado orzamentario constitúe un indicador de dita xestión e ven a representar en que grao se xestionaron os gastos e ingresos previstos no orzamento e o déficit ou exceso de financiación que xenerou a xestión orzamentaria.

O Resultado Orzamentario obtense por diferenza entre os dereitos recoñecidos netos e as obrigas recoñecidas netas. Esta diferenza e obxecto de diversos axustes para que o seu valor como indicador sexa significativo, así as desviación de financiación do exercicio dos gastos con financiación afectada e as obrigas que se teñan financiado durante o exercicio co Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio anterior deberán ser axustadas no Resultado Orzamentario.

O resultado determínase por etapas comparando en primeiro lugar as operacións non financeiras, engade logo a variación de activos financeiros e por último as de pasivos financeiros. Esta simple división favorece a utilización deste indicador como instrumento de medida da estabilidade orzamentaria.

CONCEPTO	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a) Operacións correntes	232.999.465,72	195.230.657,79		37.768.807,93
b) Outras operacións non financeiras	7.272.217,10	27.421.174,33		-20.148.957,23
1.- Total ops non financeiras (a+b)	240.271.682,82	222.651.832,12		17.619.850,70
c) Activos financeiros	311.433,81	293.895,88		17.537,93
d) Pasivos financeiros	3.328.027,85	23.159.485,91		-19.831.458,06
2. Total operacións financeiras (c+d)	3.639.461,66	23.453.381,79		-19.813.920,13
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)	243.911.144,48	246.105.213,91		-2.194.069,43
AXUSTES				
3.- Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			20.452.806,57	
4.- Desviacións de financiamento negativas do exercicio			11.271.310,74	
5.- Desviacións de financiamento positivas do exercicio			10.939.750,41	
II. TOTAL AXUSTES (II = 3 + 4 - 5 )			20.784.366,90	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)				18.590.297,47

## ANÁLISE DA SITUACIÓN FINANCEIRA A LONGO PRAZO.

A solvencia a longo prazo como comparación entre a débeda a longo co activo fixo solo pode plantexarse si dito activo é realizable. En xeral, a maior parte dos activos das Administracións públicas non o son; sendo os ingresos os que respaldan as súas débedas.

A mellor forma de medir a solvencia a longo prazo é como a corrente de devolución de préstamos con respecto ós ingresos non comprometidos directa ou indirectamente. A este respecto, un indicador constitúe o ratio legal de **ahorro neto**. O detalle do cálculo deste ratio inclúese no informe de estabilidade orzamentaria á liquidación do orzamento do exercicio, sendo o importe calculado do mesmo 22.012.183,91 €.

Respecto ao nivel de endebedamento, a D.F. 31 da Lei 17/2012, de 27 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013 sinalaba: “Para la determinación de los ingresos corrientes a computar en el cálculo del ahorro neto y del nivel de endeudamiento, se deducirá el importe de los ingresos afectados a operaciones de capital y cualesquiera otros ingresos extraordinarios aplicados a los capítulos 1 a 5 que, por su afectación legal y/o

DOCUMENTO Cuenta general: <b>INFORME CONTA XERAL EXERCICIO 2018</b>	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: <b>YZ3RQ-YEG4T-17ZYI</b> Página 13 de 16	SELLO	FIRMAS 1.- TESORERO/A de AYTO.CORUÑA.Firmado 16/09/2019 13:47



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1217176 YZ3RQ-YEG4T-17ZYI B2A3578D32108FC082B074E130C5A70029FD7969) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



carácter no recurrente, no tienen la consideración de ingresos ordinarios.

A efectos del cálculo del capital vivo, se considerarán todas las operaciones vigentes a 31 de diciembre del año anterior, incluido el riesgo deducido de los avales, incrementado, en su caso, en los saldos de operaciones formalizadas no dispuestas y en el importe de la operación proyectada. En ese importe no se incluirán los saldos que deban reintegrar las Entidades Locales derivados de las liquidaciones definitivas de la participación en tributos del Estado”.

Tal e como se sinala no citado informe, ao non constar endebedamento do resto das entidades incluídas na consolidación, o indicador nivel de endebedamento resulta o seguinte:

NIVEL DE ENDEBEDAMENTO. EVOLUCIÓN	EXERCICIO 2018	EXERCICIO 2017	EXERCICIO 2016
DEREITOS RECONECIDOS NETOS CAPITULOS I – V	232.999.465,72	225.621.859,87 €	231.810.128,88
DÉBEDA VIVA TOTAL A 31/12 (sen préstamos non dispostos)	43.979.213,42	63.810.671,50	73.000.418,81
% DE DÉBEDA VIVA SOBRE DRN A 31/12/2018	18,88	28,28%	31,49 %
DÉBEDA VIVA TOTAL A 31/12 (con préstamos non dispostos)	60.606.095,07	77.289.482,53	73.000.418,81

#### 4.3. ANÁLISE ECONÓMICO.


RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL	INGRESOS	GASTOS	RESULTADO 2018	RESULTADO 2017
I) DA XESTION ORDINARIA	237.605.752,80	207.468.396,93	30.137.355,87	26.566.106,41
II) DAS OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (I+ deterioro de valor e resultados enaxenacion inmovilizado non financeiro + outras partidas non ordinarias)			30.894.331,13	27.734.922,76
III) DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS			3.328.532,26	1.995.828,04
IV) RESULTADO NETO DO EXERCICIO (II+III)			34.222.863,39	29.730.750,80

O análise económico dos Entes Públicos non se pode facer en termos de rentabilidade como na empresa privada, senón en termos de EFICACIA E EFICIENCIA. O estado contable básico para esta análise é a conta de resultado económico patrimonial, conta que tan só representa un índice que informa sobre a variación patrimonial neta e que debe completarse con outra información como son os puntos 26 e 27 da memoria, que recollen “información sobre o custos das actividades” e “indicadores de xestión”, non obstante, débense ter en conta as importantes limitacións para obtención dos mesmos que se poñen de manifestó nos respectivos puntos da memoria, así como co Estado de cambios no patrimonio neto, o Resultado Orzamentario e o Remanente de Tesourería que son instrumentos do análise financeiro, ademáis da utilización de outras técnicas de análise económico como a contabilidade analítica.

#### 4.4. ANÁLISE ORZAMENTARIO.

##### Orzamento inicial:

O orzamento do exercicio 2018 entrou en vigor o 7 de febreiro de 2018. O importe dos créditos aprobados é o seguinte:



GASTOS: previsións..... 246.800.000,00 €.  
INGRESOS: previsións..... 246.800.000,00 €.

#### Modificacións ó orzamento:

Durante o exercicio 2018 tramitáronse expedientes de modificacións de crédito, por un importe total neto en aumento de 55.068.145,13 €, tanto no que se refire a gastos como a ingresos, supoñendo un 22,31 % dos créditos iniciais. O detalle das modificacións tramitadas é o que se recolle na memoria de xestión da oficina orzamentaria.

#### Orzamento definitivo:

Consecuencia das modificacións sinaladas no apartado anterior, o Orzamento definitivo do exercicio 2018 amosa as seguintes cifras:

GASTOS: previsións definitivas..... 301.868.145,13 €.

INGRESOS: previsións definitivas..... 301.868.145,13 €.

Faise necesario aclarar neste apartado que o Remanente de Tesourería utilizado para financiar modificacións orzamentarias, non é obxecto de liquidación de dereitos, polo tanto, ó analizar a execución do Orzamento de Ingresos haberá que minorar as previsións definitivas do capítulo 8 de ingresos ós seguintes importes:

INGRESOS: previsións definitivas	301.868.145,13 €
Remanente de Tesourería para gastos xerais (concepto 87000)	24.410.483,62 €
Remanente de Tesourería para gastos con financiación afectada (concepto 87010)	12.619.266,06 €


INGRESOS: previsións definitivas axustadas 267.838.395,45 €

Os créditos definitivos de gastos son utilizables na súa totalidade, non procedendo, polo tanto, ningún axuste.

#### INGRESOS

2018	PREVISION				EXECUCION				
CAP.	INICIAL 1	MODIF 2	% 2/1*100	DEFINITIVO 3 = (1+2)	D. R. N. 4	% 4/3*100	COBRADO 5	% 5/4*100	PENDENTE 4-5
1	100.175.234,47	0,00	0	100.175.234,47	98.603.961,34	98,43	89.511.776,50	90,78	9.092.184,84
2	8.244.835,21	0,00	0	8.244.835,21	9.284.873,45	112,61	8.211.948,78	88,44	1.072.924,67
3	48.818.535,27	1.842.537,26	3,77	50.661.072,53	47.950.841,01	94,65	41.944.529,67	87,47	6.006.311,34
4	68.057.405,42	2.040.159,98	3,00	70.097.565,40	70.443.501,70	100,49	63.935.998,49	90,76	6.507.503,21
5	6.717.729,65	0,00	0	6.717.729,65	6.716.288,22	99,98	5.495.188,58	81,82	1.221.099,64
	<b>232.013.740,02</b>	<b>3.882.697,24</b>	<b>1,67</b>	<b>235.896.437,26</b>	<b>232.999.465,72</b>	<b>98,77</b>	<b>209.099.442,02</b>	<b>89,74</b>	<b>23.900.023,70</b>

6	3,00	3.539.330,59	117.977.686	3.539.333,59	3.610.176,03	102,00	3.610.176,03	100	0,00
7	6.810.803,98	3.373.201,20	49,53	10.184.005,18	3.662.041,07	35,96	3.662.041,07	100	0,00
8	2,00	34.297.440,16		34.297.442,16	311.433,81		311.433,81	100	0,00
9	7.975.451,00	9.975.475,94	125,08	17.950.926,94	3.328.027,85	18,54	3.328.027,85	100	0,00



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1217176 YZ3RQ-YEG4T-17ZYI B2A3578D32108FC082B074E130C5A70D29FD7969) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



	14.786.259,98	51.185.447,89		65.971.707,87	10.911.678,76		10.911.678,76	100	0,00
--	---------------	---------------	--	---------------	---------------	--	---------------	-----	------

TOT.	246.800.000,00	55.068.145,13		301.868.145,13	243.911.144,48	*91,07	220.011.120,78	90,20	23.900.023,70
------	----------------	---------------	--	----------------	----------------	--------	----------------	-------	---------------

\*Tendo en conta o dato previsións de ingresos definitivas axustadas (267.838.395,45 € este ratio é de 91,07 %)

### Execución do orzamento de ingresos: CONSIDERACIÓNS

A relación entre os dereitos liquidados e previsións definitivas nas operacións correntes e do 98,77 % o que supón un alto nivel de fiabilidade nas previsións de ingresos correntes no que se refire á súa liquidación. Respecto a relación entre os dereitos liquidados e cobros realizados, esta ascende ao 89,74 %, o que pon de manifestó unha menor porcentaxe na execución material dos cobros. Sobre o importe dos dereitos liquidados pendentes de cobros procedería unha análise da evolución posterior da súa realización, así como a comparación coa execución material do gasto aos efectos de valorar a suficiencia dos recursos recaudados para atender ao pagos das obrigas recoñecidas.


En operacións de capital a diferenca entre dereitos liquidados e previsións débese analizar capítulo a capítulo, sin ter en conta o capítulo 8 como xa se sinalou. O baixo nivel de execución do capítulo 7 está motivado principalmente polo desfase temporal no ingreso das subvencións finalistas e o do capítulo 9 polos períodos de carencia dos préstamos formalizados. Non obstante, si son analizables e comparables os datos relativos ós dereitos liquidados e cobros realizados.

### GASTOS

2018	PREVISION				EXECUCION				
CAP	INICIAL 1	MODIF. 2	% 2/1*100	DEFINITIVO 3 = (1+2)	OBRIG REC. 4	% 4/3*100	PAGOS TOT 5	% 5/4*100	PTE.PAGO 4-5
1	62.427.712,88	1.616.317,60	2,51	64.044.030,48	63.057.139,24	98,46	62.983.853,15	99,88	73.286,09
2	117.398.765,27	2.301.746,24	1,96	119.700.511,51	103.627.853,33	86,57	98.408.155,45	94,96	5.219.697,88
3	513.103,42	0,00	0	513.103,42	176.983,31	34,49	176.983,31	100	0,00
4	29.254.452,39	453.175,18	1,55	29.707.627,57	28.368.681,91	95,49	27.069.602,13	95,42	1.299.079,78
5	20.000,00	0,00	0	20.000,00	0,00	0	0,00	0	0,00
	<b>209.614.033,96</b>	<b>4.371.239,02</b>		<b>213.985.272,98</b>	<b>195.230.657,79</b>	<b>91,24</b>	<b>188.638.594,04</b>	<b>96,62</b>	<b>6.592.063,75</b>

6	23.927.540,70	28.769.671,77	120,24	52.697.212,47	25.122.880,64	47,67	23.871.970,26	95,02	1.250.910,38
7	5.252.969,95	6.475.512,34	123,27	11.728.482,29	2.298.293,69	19,60	1.496.145,26	65,10	802.148,43
8	30.001,00	267.690,48	892,27	297.691,48	293.895,88	98,72	293.895,88	100	0,00
9	7.975.454,39	15.184.031,52	190,38	23.159.485,91	23.159.485,91	100	23.159.485,91	100	0,00

DOCUMENTO Cuenta general: <b>INFORME CONTA XERAL EXERCICIO 2018</b>		IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: <b>YZ3RQ-YEG4T-17ZYI</b> Página 16 de 16		SELLO	FIRMAS 1.- TESORERO/A de AYTO.CORUÑA.Firmado 16/09/2019 13:47



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1217176 YZ3RQ-YEG4T-17ZYI B2A3578D32108FC082B074E130C5A70029F07969) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



	37.185.966,04	50.696.906,11		87.882.872,15	50.874.556,12	57,89	48.821.497,31	95,96	2.053.058,81
--	---------------	---------------	--	---------------	---------------	-------	---------------	-------	--------------

TOT.	246.800.000,00	55.068.145,13	2,23	301.868.145,13	246.105.213,91	81,53	237.460.091,35	96,49	8.645.122,56
------	----------------	---------------	------	----------------	----------------	-------	----------------	-------	--------------

Execución do orzamento de gastos: CONSIDERACIÓNS

A relación entre as obrigas recoñecidas e os créditos definitivos nas operacións correntes e do 91,24 % o que supón un alto nivel de execución dos créditos previstos para gastos correntes, respecto a relación entre as obrigas recoñecidas e os pagos líquidos, esta ascende ao 96,62%, O grado de execución dos gastos de capital ascende a un 57,89 %. O dato total conxunto de execución do orzamento de gastos ascende ao 81,53 %.

A Tesoureira Xeral, á data da sinatura electrónica.